

Enquisa de poboación activa. Terceiro trimestre de 2010

NOTA DE PRENSA

No terceiro trimestre de 2010 a taxa de paro sitúase no 14,9%

No terceiro trimestre de 2010 inclúese, xunto coa explotación da EPA que se ven facendo desde o terceiro trimestre de 2009 como resultado da ampliación de mostra, un apartado dedicado á relación da poboación xuvenil (de 16 a 29 anos) coa actividade económica e outro no que se facilitan os principais datos de actividade, ocupación e paro dos sete grandes municipios galegos. Esta información está dispoñible na páxina web do IGE con series desde o terceiro trimestre de 2009.

Activos

No terceiro trimestre de 2010 a poboación galega de 16 ou máis anos é de 2.383.200 persoas, das cales 1.314.000 clasifícanse como activas, o que sitúa a taxa de actividade no 55,1%. Con respecto ao trimestre anterior, o número de activos aumenta en 18.600 persoas e a taxa de actividade sete décimas.

Con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, o número de activos aumenta en 700 persoas e a taxa de actividade mantense no mesmo valor.

Poboación de 16 ou máis anos segundo a relación coa actividade económica. Galicia. Terceiro trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

	Dato do trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación de 16 ou máis anos	2.383,2	0,0	0,0	-2,1	-0,1
Activos	1.314,0	18,6	1,4	0,7	0,1
Ocupados	1.118,7	25,0	2,3	-32,4	-2,8
Parados	195,3	-6,5	-3,2	33,1	20,4
Inactivos	1.069,2	-18,5	-1,7	-2,8	-0,3

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Por sexo, a taxa de actividade masculina aumenta unha unidade con respecto ao segundo trimestre de 2010 e sitúase no 62,6%. Pola súa banda, a taxa de actividade feminina aumenta medio punto e acada o valor de 48,3%

Poboación activa e taxas de actividade segundo o sexo. Galicia. Terceiro trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior		
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	
Poboación activa						
Total	1.314,0	18,6	1,4	0,7	0,1	
Homes	712,1	11,3	1,6	-0,6	-0,1	
Mulleres	601,9	7,2	1,2	1,4	0,2	
Taxa de actividade						
Total	55,1	0,7	-	0,0	-	
Homes	62,6	1,0	-	0,1	-	
Mulleres	48,3	0,5	-	0,1	-	

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Ocupados

A ocupación aumenta en 25.000 persoas no trimestre ata situarse en 1.118.700 ocupados. A taxa de ocupación aumenta 1 punto no terceiro trimestre de 2010 con respecto ao trimestre anterior.

Nos últimos doce meses o número de ocupados diminúe en 32.400 persoas o que supón unha redución do 2,8% do número de ocupados nun ano.

Por sexo, neste trimestre prodúcese un incremento no número de homes ocupados (14.700 máis que no trimestre anterior) e no de mulleres (10.300 máis). Ao permanecer estable a poboación total de 16 ou máis anos, isto tradúcese nun incremento de 1,3 puntos na taxa de ocupación masculina e 0,9 puntos na feminina.

Con respecto ao terceiro trimestre do ano 2009, o número de homes ocupados descende en 18.200 persoas e o de mulleres ocupadas en 14.200. En termos relativos, isto supón unha diminución interanual do 2,9% e do 2,7% respectivamente.

Poboación ocupada e taxas de ocupación segundo o sexo. Galicia. Terceiro trimestre de 2010
Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación ocupada					
Total	1.118,7	25,0	2,3	-32,4	-2,8
Homes	612,4	14,7	2,5	-18,2	-2,9
Mulleres	506,3	10,3	2,1	-14,2	-2,7
Taxa de ocupación					
Total	46,9	1,0	-	-1,4	-
Homes	53,8	1,3	-	-1,5	-
Mulleres	40,7	0,9	-	-1,1	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Atendendo aos sectores de actividade económica (segundo a CNAE2009), o número de ocupados nos servizos aumenta en 17.800 persoas no trimestre e sitúase en 747.700. Os ocupados na agricultura e na pesca aumentan en 4.400 persoas ata os 90.500. A construción gañou 3.700 traballadores e a industria perdeu 700.

Con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, o número de ocupados na construción cae un 9,6%, na industria un 7,9%, na agricultura e pesca un 2,4% e nos servizos un 0,5%.

Poboación ocupada segundo sectores de actividade. Galicia. Terceiro trimestre de 2010
Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Total	1.118,7	25,0	2,3	-32,4	-2,8
Agricultura e pesca	90,5	4,4	5,1	-2,2	-2,4
Industria	173,2	-0,7	-0,4	-14,9	-7,9
Construción	107,4	3,7	3,6	-11,4	-9,6
Servizos	747,7	17,8	2,4	-3,9	-0,5

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Asalariados

En Galicia hai 878.100 asalariados no terceiro trimestre de 2010, 647.700 con contrato indefinido e os 230.400 restantes con contrato temporal. Con respecto ao trimestre anterior hai 1.300 asalariados máis con contrato indefinido, o que supón un aumento do 0,2%. O número de asalariados con contrato temporal aumentou en 17.700 persoas (un 8,3% máis). No que

respecta á variación interanual, os asalariados con contrato temporal diminuíron un 7,1% e os con contrato indefinido un 1,3%.

A taxa de temporalidade, calculada como a porcentaxe de asalariados con contrato temporal sobre o total de asalariados, increméntase 1,5 puntos neste trimestre e chega ao 26,2%.

Poboación asalariada segundo tipo de contrato e taxa de temporalidade. Galicia. Terceiro trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación asalariada					
Total	878,1	18,9	2,2	-26,0	-2,9
Contrato indefinido	647,7	1,3	0,2	-8,4	-1,3
Contrato temporal	230,4	17,7	8,3	-17,6	-7,1
Taxa de temporalidade	26,2	1,5	-	-1,2	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Parados

No terceiro trimestre de 2010 Galicia conta con 195.300 parados, 6.500 menos que no trimestre anterior. En termos relativos isto supón unha baixada do 3,2%. A taxa de paro baixa 0,7 puntos e sitúase no 14,9%.

Con respecto ao terceiro trimestre do ano 2009, o número de parados aumenta en 33.100 persoas (un 20,4%) e a taxa de paro 2,5 puntos.

Este trimestre o paro baixa máis entre os homes (3.400 parados menos) que entre as mulleres (3.100). O número total de homes parados é de 99.700 e o de mulleres 95.600. A taxa de paro masculina e feminina diminúen 7 décimas ata o 14% e o 15,9%, respectivamente.

No tocante a variación interanual, o número de parados increméntase en 17.600 persoas entre os homes (un 21,4% máis) e 15.500 entre as mulleres (un 19,4% máis).

Poboación parada e taxas de paro segundo o sexo. Galicia. Terceiro trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación parada					
Total	195,3	-6,5	-3,2	33,1	20,4
Homes	99,7	-3,4	-3,3	17,6	21,4
Mulleres	95,6	-3,1	-3,1	15,5	19,4
Taxa de paro					
Total	14,9	-0,7	-	2,5	-
Homes	14,0	-0,7	-	2,5	-
Mulleres	15,9	-0,7	-	2,6	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Fogares

No terceiro trimestre de 2010, o número de fogares con polo menos un activo e nos que todos os seus membros activos están parados diminúe en 2.200 fogares ata acadar os 57.900. Respecto ao terceiro trimestre de 2009 esta tipoloxía de fogares aumenta un 30,1%.

Pola súa banda, o número de fogares nos que todos os seus membros activos son ocupados aumenta en 21.900. O número de fogares nesta situación é de 579.900. En relación co mesmo trimestre do ano anterior hai 14.700 fogares menos nesta situación, o que supón unha baixada do 2,5% en termos relativos.

Vivendas segundo a tipoloxía de actividade. Galicia. Terceiro trimestre de 2010

Miles de vivendas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Total	1.024,2	9,9	1,0	11,4	1,1
Fogares con polo menos un activo	748,2	15,4	2,1	10,8	1,5
Todos os activos son ocupados	579,9	21,9	3,9	-14,7	-2,5
Todos os activos son parados	57,9	-2,2	-3,7	13,4	30,1
Con ocupados e parados	110,3	-4,5	-3,9	12,0	12,2
Fogares nos que non hai ningún activo	276,0	-5,5	-2,0	0,6	0,2

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Poboación xuvenil

Dos 416.200 mozos galegos de entre 16 e 29 anos, 190.700 están ocupados, 64.800 parados e os 160.700 restantes son inactivos (o 84,4% estudantes).

A taxa de ocupación deste colectivo sitúase no 45,8% no terceiro trimestre de 2010. Con respecto ao trimestre anterior incrementouse tres unidades pero con respecto ao mesmo trimestre do ano 2009 baixou 3,8 puntos.

A taxa de paro xuvenil diminuíu durante o trimestre 2,1 puntos ata situarse no 25,4%. En comparación co terceiro trimestre de 2009 incrementouse 2,5 puntos.

Poboación de 16 a 29 anos segundo a relación coa actividade económica. Galicia. Terceiro trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

	Dato do trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación de 16 a 29 anos	416,2	-4,8	-1,1	-19,8	-4,5
Activos	255,5	7,2	2,9	-24,9	-8,9
Ocupados	190,7	10,6	5,9	-25,5	-11,8
Parados	64,8	-3,4	-5,0	0,7	1,1
Inactivos	160,7	-12,0	-6,9	5,0	3,2
Taxa de actividade	61,4	2,4	-	-2,9	-
Taxa de ocupación	45,8	3,0	-	-3,8	-
Taxa de paro	25,4	-2,1	-	2,5	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

No terceiro trimestre de 2010, o 83,1% dos ocupados de entre 16 e 29 anos ten xornada completa. Para o conxunto dos ocupados esta porcentaxe é do 88,8%. Con respecto ao segundo trimestre deste ano, aumentou o número de mozos con xornada completa (11,1%) e diminuíu o número dos que teñen xornada parcial (13,9%). Con respecto ao terceiro trimestre de 2009 prodúcese unha baixada do 12,9% nos mozos ocupados con xornada completa e do 6,1% para os de xornada parcial.

Poboación ocupada de 16 a 29 anos segundo o tipo de xornada. Galicia. Terceiro trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Tipo de xornada					
Total	190,7	10,6	5,9	-25,5	-11,8
Completa	158,4	15,8	11,1	-23,4	-12,9
Parcial	32,3	-5,2	-13,9	-2,1	-6,1

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Dos 170.600 asalariados existentes neste trimestre de entre 16 e 29 anos, 78.900 teñen contrato indefinido, o que supón unha diminución do 1,7% respecto ao trimestre anterior e do

16,8% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior. Pola súa banda o número de mozos asalariados con contrato temporal aumentou un 8,4% no trimestre ata situarse en 91.600. Respecto ao terceiro trimestre de 2009 produciuse unha caída do 10,6% para os mozos con este tipo de contrato.

A taxa de temporalidade para o colectivo dos mozos e mozas de entre 16 e 29 anos sitúase no 53,7% no terceiro trimestre de 2010. Con respecto ao trimestre anterior esta taxa aumentou 2,4 puntos e con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior 1,7 puntos.

Poboación asalariada de 16 a 29 anos segundo a duración do contrato. Galicia. Terceiro trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Duración do contrato					
Total	170,6	5,8	3,5	-26,6	-13,5
Indefinido	78,9	-1,4	-1,7	-15,9	-16,8
Temporal	91,6	7,1	8,4	-10,9	-10,6
Taxa de temporalidade	53,7	2,4	-	1,7	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Grandes municipios

Para os sete grandes municipios galegos, Santiago de Compostela é o que presenta a maior taxa de ocupación (55,9%) e a menor taxa de paro (9,1%). Ferrol, cun 42,4%, é o concello coa menor taxa de ocupación, e Pontevedra é o que conta cunha maior taxa de paro (22,1%).

Poboación segundo a relación coa actividade económica e taxas de actividade, ocupación e paro. Grandes municipios galegos. Terceiro trimestre de 2010

Miles de persoas e porcentaxes

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago de Compostela	Vigo	Ferrol
Poboación de 16 ou máis anos	211,6	87,2	95,4	70,0	82,0	257,5	64,9
Activos	124,5	54,0	52,5	42,0	50,5	155,4	34,4
Ocupados	107,5	47,8	45,9	32,7	45,9	127,7	27,5
Parados	17,0	6,2	6,6	9,3	4,6	27,7	6,9
Inactivos	87,0	33,2	42,9	27,9	31,6	102,1	30,5
Taxa de actividade	58,9	61,9	55,0	60,1	61,5	60,4	53,0
Taxa de ocupación	50,8	54,8	48,1	46,8	55,9	49,6	42,4
Taxa de paro	13,7	11,5	12,6	22,1	9,1	17,8	20,0

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Nota: os resultados dos sete grandes concellos deben tomarse con precaución porque poden estar afectados por elevados erros de mostraxe

Pódese consultar a metodoloxía desta estatística en:

<http://www.ige.eu/web/Controlador?operacion=mostrarmetodologias&tema=1020&actividad=9&idioma=ga>

Información detallada en:

http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0204001002

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>